

## SAÍDA DIDÁCTICA A FOZ, ALFOZ E SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO

O xoves día 10 de maio os cursos de 1º, 2º, 3º da ESO e 1º de BAC realizaron unha saída didáctica organizada polos Departamentos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias Naturais e Xeografía e Historia.

A primeira parada, situounos en Foz no CENIMA, o escaparate de arte da Mariña luguesa onde creadores/as deste territorio xeográfico exponen as súas obras. Artistas como Lucía Catuxo, Celso Dourado, Otero Regal, Mauro Leivas, Joé Alvez...ata un total de 21 todos eles da comarca, invitan a coñecer os seus traballos de escultura, pintura, debuxo e cerámica no que é xa a súa quinta edición e que nesta ocasión, pretende ser unha homenaxe ao escultor mindoniense Juan Puchades Quilis.

Esta visita forma parte do Proxecto ARTE e EDUCACIÓN, no que o noso centro participa cunha obra realizada polo alumnado de 1º BAC coa profesora de Tecnoloxía; traballo que será exposto xunto cos dos demais centros educativos de A Mariña.

Posteriormente, a seguinte parada levounos a Alfoz, a visitar o seu Castelo cuxa orixe tivo lugar nun asentamento castrexo de comezos do século I despois de Cristo. Na actualidade, dito Castelo, acolle a Oficina de Información e Turismo e dúas salas

de exposición, unha no andar da entrada onde se recrea unha antiga aula dunha escola do pasado, e a outra sala, no primeiro andar onde se atopa o Museo da Zoca con obras do artista local Alberto Geada.

De volta a Foz, chegou a hora do xantar ao carón da Praia da Rapadoira, onde se puido gozar dunha agradable temperatura e mesmo algún se atreveu a sacar a roupa en tomar o sol en bañador.

Pola tarde, as 16 horas todo o grupo estaba diante da Basílica de San Martiño de Mondoñedo, auténtica xoia arquitectónica que mandou edificar San Rosendo. Pertencente ao período altomedieval está considerada como a catedral máis antiga de España. No seu interior, agóchanse os frescos máis antigos do románico galego. A historia remota desta vella catedral está adornada por vestixios históricos referidos á repoboación da zona por pobos de orixe celta, ataques dos vikingos á sé episcopal de Bretoña e traslado da mesma ao que máis tarde sería San Martín de Mondoñedo. Despois dunha interesantísima explicación guiada, houbo tempo para sacar fotos polos seus arredores e admirar con calma a súa beleza tanto por dentro como por fóra.

Rematada xa esta visita, moi próxima á basílica, a uns poucos metros atópase o Espazo Caritel unha iniciativa máis que interesante do artista plástico Daniel Caxigueiro. O Espazo Caritel é un xardín duns tres mil metros cadrados, cuns 30 anos aproximadamente de vida e que amosa un

importante interese botánico. Está formado por especies autóctonas e outras chegadas de fóra de sitios tan afastados como Arxentina, Xapón ou Corea. Importante tamén a variedade de especies de camelias que alberga , así como tamén se pode atopar nel a árbore máis antiga do mundo.

Paralelamente ao xardín, está o abradoiro de Daniel onde o artista solta a súa imaxinación e crea os seus traballos plásticos que abranguen a escultura, a fotografía e mesmo a poesía ten cabida neste recuncho.

O artista foi explicando ao alumnado o significado das pezas que creou, obras moitas delas que teñen que ver coa violencia da guerra, así coma os materiais que emprega e tamén o forno de cocción para as mesmas.

Neste punto de encontro entre a arte e a natureza, rematou unha xornada estupenda que sen dúbida repetiremos no futuro.

[Aquí podedes acceder á galería fotográfica](#)